



2009 ANO INTERNACIONAL
DA APRENDIZAXE DOS DEREITOS HUMANOS
(ONU)

SOBRE OS DEREITOS HUMANOS

Materiais didácticos

Calo Iglesias Díaz



www.sgep.org



PRESENTACIÓN

A proposta didáctica que presentamos está elaborada polo noso compañeiro, co-fundador e directivo do Seminario Galego de Educación para a Paz, Calo Iglesias, como unha nova suxestión para o profesorado, eminentemente práctica, co obxecto de traballar, nas aulas e na vida, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, como unha contribución máis neste 60 Aniversario (1948-2008). Que vimos de celebrar o pasado día 10 de decembro.

Súmase a unha moi longa serie de publicacións, artigos e traballos, exposicións, etc. que desde 1985 vimos facendo. Baste recordar que a primeira Unidade Didáctica elaborada polo Seminario, en 1988, foi, precisamente, a titulada: “Sobre os dereitos humanos” e tamén coordinada por Calo Iglesias.

Desde aquela foron moitas as reflexións, denuncias, publicacións, documentais, exposicións... realizadas sobre os Dereitos Humanos. Hoxe presentamos esta nova iniciativa que complementa as anteriores das que compre salientar a Unidade Didáctica nº 25 sobre Cidadanía e Dereitos Humanos, os libros de texto para 2º e 4º da ESO de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, o Minilibro sobre os dereitos humanos e os dereitos de nenos e nenas ou o libro Cine para Convivir cun apartado específico dedidado ó cinema e os dereitos humanos.

De todo elo podes facer uso na nosa web (www.sgep.org), máxime neste 2009 declarado pola ONU como Ano Internacional da Aprendizaxe dos Dereitos Humanos.

Coma sempre, confiamos en que sexa de utilidade.

Manuel Dios Diz

Presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz
Fundación Cultura de Paz



Edita: Seminario Galego de Educación para a Paz. Fundación Cultura de Paz

Deseño: Serxio Suárez

Imprime: La Ibérica (Santiago)

Depósito Legal:



INTRODUCCIÓN

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos celebrou o pasado 10 decembro o seu 60 aniversario. O feito de seren estes dereitos recoñecidos débémolo, en boa medida, aos milleiros e milleiros de persoas que sacrificaron e mesmo deron a súa vida por facelos realidade.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948 é o resultado dun proceso secular de declaración de dereitos. O carácter de universalidade e quizás o máis orixinal e salientable desta Declaración do 48, aberta á consideración dunha gran familia humana con dereitos iguais e inalienables, que han fundamentar a liberdade, a xustiza e a paz no mundo.

Con todo, non debemos esquecer que a Declaración nace nun contexto sociopolítico occidental e que os seus precedentes son occidentais¹. Este carácter occidental explica por qué non esperta o entusiasmo noutras culturas que recean deles ao veren o catálogo dos países colonizadores, coa súa dobre moral. Por tal razón non debemos renunciar a un proxecto universalista no que participen todas as voces culturais. Xa recordaba o profesor Javier de Lucas o debate da Conferencia Internacional de Viena de 1993, que enfrentou aos partidarios da Declaración Universal de 1948 con aqueles que sostiñan a necesidade de revisar esta Declaración, ideoloxicamente vinculada a occidente. Xa que logo é necesaria a interpelación dunhas culturas por outras, como expresión dun diálogo aberto e fecundo.

1 O inglés Locke redactou, en 1690, a primeira formulación doutrinal dos dereitos do home en sociedade, nos "Dous tratados do goberno civil". Case un século máis tarde, no ano 1776, nos novos Estados Unidos de Norteamérica aparece unha "Declaración de dereitos". En 1789 -Revolución Francesa- a Asamblea Nacional promulga a "Declaración dos dereitos do home e do cidadán".



Unha Declaración imperfecta

Polo devandito, a Declaración Universal é imperfecta, no sentido de non acabada e, polo mesmo, perfectible. Debe ser entendida de FORMA DINÁMICA. Non estamos a falar dun código fósil, definitivo. Os dereitos humanos non son ahistóricos; son o feliz produto dunha dialéctica, dunha toma de conciencia e iluminación histórica que nos acerca máis e máis á xustiza, á liberdade, á fraternidade. Non deberíamos entender os dereitos humanos como unha caixa de caudais intocable e pechada á inclusión de novos dereitos que iluminen e humanicen aínda máis as nosas relacións.

Con relación a este proceso iluminador e humanizador é importante ter **memoria histórica** para decatarse dos avances en materia de dereitos humanos. No 1202, na Coroa de Aragón, e máis tarde no “Fuero de Castilla” os señores obtiveron do monarca o recoñecemento do “**Ius maletrectandi**”, o “Dereito a maltratar”, unha lei positiva pura e dura que permitía ós señores encadear ós vasallos, roubarlles, quitarlles a vida, sen necesidade de xustificación algunha. Eran “Señores de forza e coitelo”.

Declaración e Práctica

Á vista da consideración anterior podemos afirmar que temos, mellorado, se ben de maneira moi desigual nos diversos contextos xeopolíticos nos que se moven as persoas, os pobos. Por tal motivo, neste 60 aniversario é obrigado prestar atención á dialéctica entre “**Declaración**” e “**Práctica real do declarado**”. Lonxe de todo conformismo, debemos verificar o contraste entre o ideal que estes dereitos representan e a súa deficiente realización histórica, porque a historia dos dereitos humanos é tamén a da súa continua e sistemática violación.

A conciencia e memoria destas insuficiencias e contradicións, móvenos a seguir impulsando este proceso de humanización que entraña a realización dos dereitos humanos; humanización que temos que defender por canto os dereitos humanos esmorecen sen a decidida vontade de defendelos. Defender e denunciar, porque as violacións de dereitos no pasado ano 2008 seguen a ser unha lamentable realidade que se está a producir nos diversos continentes e culturas, nos diversos Estados, non só os gobernados por rexímenes autoritarios e ditatoriais senón tamén nas chamadas democracias formais.

Basta repasar o “Estado do Mundo” nos anuarios económicos e xeopolíticos dos últimos anos, para constatar a penosa situación na que viven millóns de seres humanos que deberían ser, e non son, beneficiarios de dereitos. As Nacións Unidas, as diversas ONGs, os sindicatos..., non deixan de mostrar a súa crecente preocupación diante dos efectos provocados por unha orde económica internacional inxusta. A desigualdade da división social do traballo, do acceso á tecnoloxía, o inxusto reparto dos beneficios como consecuencia das actuais estruturas de intercambio e das inversións, etc., son mostras ben coñecidas desta inxusta situación. Queda moito camiño por andar neste proceso da humanización. Para as persoas e pobos empobrecidos, conseguir o que para as persoas e pobos privilexiados é xa unha realidade disfrutada en maior ou menor grao, como son os dereitos políticos, económicos e sociais. O tópico da “igualdade de oportunidades” está moi lonxe de ser unha realidade, mesmo nos réximes de democracia avanzada. As demandas dos sectores máis desfavorecidos non gozan das prioridades de moitos gobernos. No peor dos casos, hai gobernos que fan do poder un servizo case exclusivo para grupos minoritarios –oligárquicos-, impedindo o control popular da súa xestión. Gobernos que “normalizan” a represión, a limpeza étnica, a discriminación racial e de xénero, o terrorismo de Estado e outras atrocidades.



Unha protección máis efectiva

Na nosa iniciativa queremos manifestar o desexo de que a realización e protección dos dereitos humanos sexa cada vez máis efectiva. Neste sentido precisamos, tanto a nivel nacional como internacional, dunhas institucións políticas e dun sistema xudicial que favorezan e non entorpezan a realización e gozo dos dereitos. Porque é moi triste recoñecer que mentres, a escala mundial, o respecto ós dereitos humanos é aínda moi baixo, o nivel de impunidade para os violadores de dereitos é moi alto. Por tal razón apoiamos a internacionalización da xustiza, coa vixencia dun Tribunal Penal Internacional.

Unha progresiva ampliación dos dereitos

Desexamos tamén a progresiva ampliación dos contidos de dereitos humanos. Por exemplo, o recoñecemento dos dereitos de solidariedade. Tal recoñecemento pasaría por tres camiños: 1º O dereito á soberanía alimentaria dos pobos, para decidir os alimentos a producir, a procesar, etc. 2º A consecución dun desarme xeneralizado, dedicando os recursos dos gastos militares para axuda ós países e grupos sociais empobrecidos e marxidados. 3º Dedicación dun mínimo 0,7 % do PIB como axuda ós países empobrecidos.

Todas as persoas debemos seguir facendo camiños de utopía, o que significa seguir loitando por acadar maiores cotas de liberdade e xustiza, por acadar un máis e profundo nivel de conciencia solidaria, intercultural e ecolóxica. Seguir facendo camiños de utopía significa a superación dos etnocentrismos pechados e excluíntes, que enfrontan ás persoas e aos pobos, significa a superación do que Amin Maalouf chama as “identidades asasinas”.

Para rematar queremos destacar tres violacións de dereitos humanos que, por desgraza, teñen máis trágica actualidade:

- 1ª A TORTURA. Chégase mesmo a falar e a xustificar e legalizar a “tortura de baixa intensidade” como resposta fronte ao terrorismo, que se realiza en cárceres especializadas, de sobra coñecidas.
- 2ª A VIOLENCIA DE XÉNERO. Temos que propoñer e defender un modelo de sociedade que parta da equiparación dos sexos, e que reduza e mesmo chegue a eliminar a violencia contra as mulleres, mesmo con resultado de morte.
- 3ª A INMIGRACIÓN. Un fenómeno complexo que resulta do dereito á libre circulación, para saír do propio país, pero tamén para entrar no outro, combinado co dereito á vida, a saúde e a dignidade. Tratarlo co máximo respecto e intensidade política é unha obriga de solidariedade e de xustiza.



**DINÁMICAS PARA TRABALLAR
NOS OBRADOIROS**

1. OS CONTOS

*O Parruliño feo*¹

Os contos esconden unha carga moral baixo as delicias da imaxinación fantástica. Cando as nenas e nenos se identifican cos protagonistas, experimentan sentimentos de xustiza, fidelidade, amor, valentía. Os contos son unha fonte de pracer estético e de apoio moral. Tal sucede con “*O PARRULIÑO FEO*” de Andersen, un conto de profundo impacto emocional que se presta a un tratamento educativo centrado nos valores e na realización dos Dereitos Humanos.

Desenvolvemento

Os rapaces e rapazas, asumindo os diferentes roles dos animais que aparecen no conto, farán previamente unha lectura do mesmo. A persoa educadora explicará os termos que non entendan. Despois da lectura ensaiaremos unha teatralización do conto dividido en cadros. Por último organizaremos un debate sobre os valores ou antivalores descubertos.

CADRO 1º: Rompendo o cascarón

Comeza o conto cunha apracible descrición da vida rural. Nunha casa solarenga, rodeada de acequias, uns parruliños rompen o cascarón... ¡Todos menos un! Ese “¡menos un!” introduce un clima de antipatía cara o inoportuno que non acaba de saír. Por fin -“¡Piep! ¡Piep!” -aparece un parrulo desgarrado e feo... ¡Semella un intruso deixado alí por unha pava!:

–Vexamos ese ovo que non quere romper –dixo a parrula vella–. ¡É un ovo de pava! Tamén a min me enganaron unha vez e costoume moitas penas e traballos porque os pavos teñen medo a auga... Déixame ver. Si, muller, si, é de pava. Abandónao e dedícate a ensinar a nadar ós parruliños.

Pero a parrula non o abandona e principia a educación dos parruliños:

–¡Veña! ¡Móvedeos! ¡Non dobredes os dedos! Un parrulo ben educado ten que andar cos dedos ben rectos, coma as súas nais. Agora curvade o pescozo e berrade ¡Cuac!

Toda a parrulería do vecindario recibe con hostilidade ó parruliño intruso e diferente. Choven insultos e picotazos. A nai deféndeo:

–¡Deixádeo en paz que non vos fai ningún mal!

–Si, pero é demasiado grande e non se parece a nós. Ten máis que merecido o castigo

–¡Menudo tipo tan feo! ¡Non podemos toleralo!

O parruliño non sabe onde se esconder... Síntese desgraciado polos menosprezos.

Cada día que pasa é peor. Os seus propios irmáns berrábanlle:

–¿Por qué non te collará o gato, espantallo?


Unha nena dáballe patadas e mesmo a súa nai chega a dicirlle:

–¿Cando te perderei de vista

CADRO 2º: A fuxida

Moi deprimido o parruliño remonta o vó e fuxe. Voa por riba da horta e os paxariños dos arbustos escapan asustados...:

–Teñen medo de min porque son feo.



1. Aproveitamos, con novas aportacións e suxerencias, o tratamento que fai do conto JOSÉ TUVILLA (Ver: “*Derechos humanos. Propuesta de Educación para la Paz basada en los Derechos humanos.*”. Junta de Andalucía, 1990).

O parruliño chega a un pantano; xa non pode máis e bótase a durmir. Á mañanciña é descuberto por uns parrulos silvestres:

–*¡Que feo es! Pero pouco nos importa con tal de que non cases cunha parrula da nosa familia.*

¡Pobriño! ¡Como ía pensar en casar! O único que quería era que lle deixasen durmir e beber un pouco de auga.

Agora aparecen uns cazadores. De súpeto un enorme can acércase ó parruliño, chéirao e... ¡marcha sen trincalo! O comentario do parruliño:

–*¡Bendito sexa Deus! Son tan feo que nin os cans queren trincarme.*

CADRO 3º: A cabana

O parruliño segue a fuxir. Á noite chega a unha cabana onde vivían unha muller, un gato e unha galiña. A galiña sempre cacareaba:

–*Nós e os demais...*

pois aseguraba que eles eran a metade do mundo e o mellor da metade. O parruliño pensaba que podía opinar de distinta maneira, pero a galiña non o deixou falar.

Tamén é menosprezado como inútil e ignorante:

–*¡Nin sabe por ovos, como a galiña, nin sabe arquear o lombo e ronronear e botar chispas, como o gato!*

Cando o parruliño expresa a súa ilusión por nadar, a incompreensión é absoluta: nadar é unha parvada, é cousa de xente tola:

–*Ó gato, que é o ser máis razoable que existe –respondeu a galiña– non lle gusta nada tirarse á auga. E a mín tampouco. E non digamos a nosa ama, a vella.*

O parruliño di que non se sente comprendido e a galiña táchao de vaidoso, de desagradecido, de charlatán e preguiceiro.

Cadro 4º: Novos encontros e desventuras

O parruliño segue a fuxir. Unha tarde, no solpor do outono, crúzase cunha bandada de aves grandes e fermosísimas. Eran moi brancas e tiñan un pescozo longo e gracioso. O parruliño queda marabillado, pero nin envexa nin cobiza tanta fermosura... Feo como era, o pobriño sería moi feliz só con que aqueles cisnes –pois cisnes eran– tolerasen a súa compañía. Pero non pode ser...

O parruliño, xa no inverno, está a morrer de frío nunha poxa xeadá, pero un labrego decátase de que está atrapado, recólleo e no seu fogar recupera a vida. O parruliño está moi asustado. Os nenos querían xogar con el, pero ten medo e tenta de escapar. ¡Un desastre! Tira o leite, cae nun barril de manteiga e nun costal de fariña. O parruliño é feo, torpe, e por riba perdeu a súa capacidade para xogar... A muller do labrego persigueo cunhas tenazas. O parruliño escapa por unha ventá...

Cadro 5º: A felicidade

Sempre fuxindo e fuxindo, sempre con fame, sempre con frío e tristeza... Pero unha mañá escoita o cantar da laberca no florecer da primavera e advirte que as súas ás son máis fortes, que pode voar con gran celeridade. Sen saber cómo pousa nun xardín con mazanceiras en flor e lilas que embalsaman o aire... E o parruliño descubre tres fermosos cisnes a nadar... ¡Son aqueles! ¡Ai, se poidese voar con eles! Pero non pode ser... De seguro que o matarían porque el é moi feo... Sen embargo toma unha valiente decisión:

–*¡Prefiro que me maten a seguir fuxindo, sempre maltratado polos parrulos, picoteado polas galiñas, rexeitado a patadas polos nenos... e pasando fame e frío!*

O parruliño nada cara os cisnes, baixa a cabeza e exclama:

–*¡Podédesme matar!*

Pero ¿qué contempla na auga cristalina? ¡A imaxe dun fermosísimo cisne! Os seus novos compañeiros nadan agora a par del, acariñándoo co bico... Uns nenos chegan ó estanque:



–*¡Hai un cisne novo!*

Os nenos bótanlle pan e pasteliños...:

–*¡É o máis fermoso de todos!*

O parruliño está cheo de confusión. É moi feliz, pero non sente orgullo porque tiña un bo corazón. El, sempre tan desprezado, era proclamado agora por todos como a máis fermosa das aves. E as lilas tendían as súas ramas dentro da auga para que pasase por riba... E o sol enviaba o seu suave calor...

Guía para unha educación en valores

Coas fichas que seguen pretendemos que os rapaces e rapazas sexan quen de investigar e percibir as mensaxes do conto.

Ficha 1ª A educación para a tolerancia

- Descubrir as “razóns” polas que o parruliño é desprezado, discriminado, agredido. ¿Estás de acordo con esas “razóns”?
- ¿Coñeces algún caso de discriminación e menosprezo na escola?

Ficha 2ª: O etnocentrismo pechado

- ¿Sabes definir o etnocentrismo? ¿É malo o etnocentrismo? ¿Por qué?
- Na cabana ¿descubres algunha mostra de etnocentrismo pechado?

Ficha 3ª: A autoestima

- ¿En qué consiste a autoestima?
- ¿Ten o parruliño autoestima? ¿É bo ter autoestima?
- ¿É o mesmo autoestima que vaidade ou soberbia?

Ficha 4ª: Os estereotipos

- ¿Sabes qué é un estereotipo ou fobotipo?
- ¿Cómo é tratado o parruliño, como ser individual ou con estereotipos?
- ¿Cómo te gusta que te traten?
- ¿Hai tratos “estereotipados” entre vos?

Ficha 5ª: Resolución de conflitos

(Guía para o profesorado)

Conflito: Nacemento do parruliño e inmediato rexeitamento pola súa familia e comunidade.

Actores: Nai-parrula. Parrula vella. Animais da corte. Irmáns do parruliño.

Estereotipos/Fobotipos: Feo, grandote, etc.

Formas de resolver o conflito: a) Violentas: O parruliño feo é maltratado e escapa da casa. b) Nonviolentas: O parruliño é aceptado.

Ficha 6ª: O conto e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos

Analizando o texto, tentamos descubrir exemplos de respecto ou violación dos dereitos humanos.

Art. 1: Os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos.

Texto do conto: *Si, si, un ovo de pava. Tedes que desentenderos del e ensinar a nadar aos outros.*

Art. 2: Igualdade de dereitos e liberdade, sen distinción de raza, cor, sexo...

Texto do conto: *Deixádeo tranquilo –dixo a nai–. Non fixo mal a ninguén.*

Non –repicou a parrula que lle dera picotazos– pero é demasiado grande e ridículo.

Art. 3: Dereito á vida, á liberdade e á seguridade.

Art. 5: Ninguén será sometido a torturas, nin a penas ou malos tratos crueis, inhumanos ou degradantes.

Texto do conto: *Os parruliños dábanlle picotazos e tamén as galiñas. A nena que lle daba de comer dáballes patadas.*

Art. 14. Dereito a buscar asilo e protección.

Texto do conto: *Entón escapou, voando sobre a horta.*

Art. 16: Dereito ó matrimonio e a formar unha familia.

Texto do conto: *É espantosamente feo –engadiron os parrulos salvaxes– pero iso non nos importa, sempre que non pretenda casar dentro da nosa familia.*

Art. 19: Dereito á liberdade de opinión e de expresión.

Texto do conto: *O parruliño pensaba que podía opinar de distinta maneira, pero a galiña non o deixou falar.*

Mestre Kung-Fu busca a xustiza e a paz

(Fonte: Calo Iglesias)

Lectura da Declaración Universal dos Dereitos Humanos:

Art. 1. Todos os seres humanos polo feito de naceren son libres e iguais en dignidade e dereitos e, tendo como teñen razón e conciencia, débense comportar fraternalmente uns cos outros.

Art. 3. Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Art. 4. Ninguén estará sometido á escravitude nin á servidume; a escravitude e a trata de escravos están prohibidas en todas as súas formas.

Art. 5. Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes.

No reino oriental era eu, Kung-Fú, estimado como Mestre de Sabedoría. Nunca aceptei tan excelso título porque Mestre de Sabedoría é o Señor do Ceo. Os mestres da terra estamos en camiño, guiados polo Señor do Ceo.

Unha tarde fun chamado pola Asemblea dos Venerables Anciáns. Vinos, unha vez máis, encollidiños, cun paso vacilante, pero non vencidos. Cando apousaron os seus fermosos ollos na miña homilde persoa, comprobei que residía neles unha firme determinación e brillaba un luceiro de esperanza.

–De sol a sol traballa a nosa xente as propiedades dos Señores –dixeron–, sen carozas no inverno, sen asomo de sombra e moita sede no vran. O pan e o arroz apenas entran nas súas pobres cabanas. Os graneiros dos amos están a reventar, pero os nosos meniños morren da fame, da viruela e o sarampelo. Os esbirros dos amos galopan os campos co látigo e o improprio.

Mestre Kung-Fú, ti es un home sabio e compasivo. Tes chorado con nós moitas lúas e soles, pero nunca caíches aos lamentos e choros. Sabemos cantas veces camiñaste cara ás portas dos pazos señoriais e berraste, esixindo xustiza e compaixón. Pero os matóns das portas cuspiron sobre o teu venerable rostro e flaxelaron o teu venerable corpo.

Mestre Kung-Fú, os tempos son chegados de que deixes a nosa comunidade e camiñes cara ao Pazo do Soberano Rei. Confiamos en que El escoite e poña remedio ás nosas desgrazas. Nós agardaremos a que volvas, co luceiro da esperanza.

Eu, Kung-Fú, aceptei homildemente o mandado dos Venerables. Tras moitas xornadas dun fatigoso peregrinar, acheguei-me ás portas do Pazo do Soberano Rei.

*Avistei a primeira porta, custodiada polos **Sumos Sacerdotes**. Fixen devotamente as reverencias do cerimonial e, de xionllos, solicitei ser recibido polo Soberano Rei. Estaban os Sumos asentados en cadeiras douradas e altas de varios metros, mentres eu ficaba de xionllos.*

–¿De qué queres falar co Soberano Rei? ¿Qué ideario lle vas presentar?



–A miña fala e o meu ideario –respondín– son de pan e arroz, de carozas e leña no inverno, de sombra e auga no vran, de viruelas e sarampelo, de cuspes e latigazos...

Os Sumos miráronme, primeiro con sorpresa e logo berraron indignados:

–¿Es un mentecato! ¡Un estúpido provocador! ¡Lisca antes de que che botemos os cans!

O que máis me aflixiu foi a voz untuosa do Grande e Sumo Sacerdote:

–¿Vaites con Deus, querido irmán!

E funme, sen desmaiar, porque levaba canda min o luceiro da esperanza.

*Busquei a segunda porta gardada polos **Banqueiros**. Fixen as obrigadas cerimoniais e solicitei ser recibido polo Soberano Rei.*

–Iso é unha atrevida empresa –contestaron–, pero a nós gústannos os homes atrevidos, así que infórmanos, antes que outra cousa, dos teus proxectos, das túas boas accións e os valores que máis aprecias.

–Eu –respondín– instruíu gratuitamente á infancia e mocidade. Os valores que máis aprecio son aqueles que non ten a nosa xente: o pan, o arroz, a auga e a sombra no vran, a carozas e a leña no inverno, as medicinas para a viruela e o sarampelo dos nosos meniños...

Os banqueiros botáronse a rir:

–¿Vello estúpido! ¿Non sabes caís son as boas accións e os valores máis rentables e pretendes ser recibido polo Soberano máis poderoso da terra?

De seguido tiraron á miña cara catro patacóns e botáronme fóra. Pero eu non desmaiei porque levaba canda min o luceiro da esperanza.

*Busquei a terceira porta, custodiada polos **Xenerais**. Xa me avisaran os Venerables Anciáns de que as ordenanzas militares estaban á altura do tacón, así que saudei cun taconazo das miñas poerentas sandalias e fiqui ríxido, á espera da voz de mando.*

–¿Presenten armas, ar!

Eu non presenteí arma algunha e vin diante miña un peito cheo de medallóns. ¿Cantos milleiros de mortos habería detrás de cada medallón? De novo tronou a voz de mando:

–Os reservistas non estaban citados hoxe. ¿Quen che ordenou presentar armas?

Eu, deslumbrado polo reflexo de tanto medallón, acertei a responder:

–Ilustre Xeneral, co debido respecto, non veño a presentar armas, que as armas son instrumentos nefastos, ferramentas da violencia e do medo. Eu veño a...

Cando acordei, ficaba nunha esterqueira cun orgo na cabeza dun croque de espadón. E o luceiro da esperanza xa non brillaba.

E así foi como eu, Kung-Fú, desacougado, voltei a casa e presenteime diante da Asemblea dos Venerables Anciáns.

–As portas do Soberano Rei están pechadas...

Entón sentín que os fermosos e tristes ollos dos Venerables Anciáns me acariñaban. Eu mireinos cunha tenrura que pasou a ocupar por enteiro o meu corazón.

E preguntei:

–¿Qué nos queda?

E todos baixamos a cabeza, á espera dunha iluminación celestial. Pasaron os minutos... E o máis Venerable dos Venerables anciáns falou.

–Quédanos a conciencia da nosa unión

Eu repliquei:

–¿Cantas conciencias nos quedan, Venerable, cantas? A nosa xente está abatida; o medo e a desesperación están a destruír a nosa conciencia...

–A conciencia renace –contestou–. Aqueles de nós que estamos vivos voltaremos aos campos a sementar conciencia e liberdade, a sementar desobediencia e insubmisión. E ti, Mestre Kung-Fú, segue a sementar conciencia e liberdade nos nosos meniños e mozos.

–Morreremos todos –contestei–.

–De seguro, pero os opresores nunca poderán destruír a conciencia libre. Agromará unha e outra vez sobre as nosas tumbas e as dos nosos fillos. E algún día A HUMANIDADE SERÁ SOBERANA E RAÍÑA NA NOSA TERRA.

Seguiu un longo silencio. E ninguén, ninguén fraqueou, cando íamos camiño dos campos.

Actividades

Despois da lectura do conto, seguirá a análise en pequenos grupos, tratando de concretar:

- as situacións nas que aparecen violacións dos dereitos Humanos
- as iniciativas que se toman para esixir eses dereitos e os resultados que se consiguen
- ¿cal é a reacción diante dos novos abusos que se producen, de resignación e desesperanza ou de unión para seguir na loita?

Fábula do lobo e do cordeiro

O autor desta fábula é ESOPO, un grego do século VI a.C.

Na sociedade na que vivimos hai xente máis forte –con máis experiencia, con máis recursos, con máis poder–... E, polo mesmo, hai xente máis débil...

¿Cómo son as relacións entre os poderosos e os débiles etc. ?

–¿Relacións de comunicación? ¿De comprensión? ¿De axuda?

–¿Relacións de exclusión e abuso, discriminación, resentimento, odio, loita de clases, relacións en clave de amigo/inimigo?

¿Qué di a Declaración Universal dos Dereitos Humanos?

Lectura do Art. 1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Todos os seres humanos polo feito de naceren son libres en dignidade e dereitos e, tendo como teñen razón e conciencia, débense comportar fraternalmente uns cos outros.

Lectura do Art. 3 da Declaración Universal dos dereitos Humanos:

Toda persoa ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Lectura do Art. 10 dos Dereitos do Neno e a Nena

O Neno e a nena deben ser educados nun espírito de comprensión, tolerancia, amizade entre os pobos, paz e fraternidade universal.

A Fábula

Un cordeiro e un lobo, cada un pola súa banda, viñeron beber nun mesmo río. O lobo bebía por riba, e o cordeiro máis abaixo.

Mirando o lobo ó cordeiro, díxolle:

–¿Por qué estás a ensuciar a auga mentres eu bebo?

Respondeu o cordeiriño con humilde paciencia:

–¿Como puiden ensuciar a auga, pois flúe desde o lugar onde ti bebes ata o lugar onde bebo eu?

O lobo, non estimando nin a verdade, nin a razón, replicou:

–¿E por riba atréveste a insultarme?

–Eu non te insultei.

Pero o lobo, mirando con malos ollos, dixo:

–Hai seis meses que me insultaches.

–Non pode ser porque nese tempo eu non nacera.



Entón dixo o lobo:

–¿Por que estragaches o meu prado pacendo?

–Señor lobo, iso non pode ser, porque eu aínda non teño dentes para pacer.

Entón o lobo cortou polo san:

–Aínda que non sexa quen de rebatir as túas razóns, teño decidido devorarte.

E así foi. Dunha trincada acabou coa vida do cordeiriño.

Esopo quita unha MORALEXA: Esta fábula significa, que na conciencia dos malos e falsos non cabe a verdade, nin a razón; nin vale outra cousa para eles que a forza.

Actividades:

¿Hai abuso de poder? Poñede exemplos

¿Cal é a intención do lobo?

¿Consideras que as respostas do cordeiro son razoables e verdadeiras?

¿Hai abusos de poder na túa escola? ¿Qué podemos facer?

Razoade as vosas respostas

Os tres cosmonautas

(Conto de Humberto Eco)

Lectura do art. 1º da Declaración sobre os Dereitos de nenos e nenas

“O neno e a nena deben ser educados nun espírito de comprensión, tolerancia, amizade entre os pobos, paz e fraternidade universal”.

Érase unha vez a terra.

Érase unha vez Marte.

Estaban moi lonxe un da outra, en medio do ceo, e arredor había millóns de planetas e galaxias.

Un bo día partiron da terra, desde tres puntos distintos, tres cohetes.

No primeiro ía un **norteamericano** que asubiaba moi alegre un aire de jazz.

No segundo ía un **ruso**, que cantaba con voz profunda: “Volga, Volga...”.

No terceiro ía un **africano** que sorría feliz, con dentes moi brancos na súa cara negra.

Os tres querían chegar primeiro a Marte para demostrar quen era o máis valente.

O norteamericano non quería ben ó ruso, e o ruso non quería ben ó norteamericano...

E todo porque o norteamericano para dicir “bos días” dicía “Good morning” e o ruso dicía “Zepabtylutge”.

Por iso non se comprendían e se crían distintos.

Como os tres eran moi valentes, chegaron a Marte case ó mesmo tempo.

Xa era de noite. Había arredor deles un extraño silencio e a terra brillaba como se fose unha estrela lonxana.

Os cosmonautas sentíanse tristes e perdidos e o americano, na escuridade, chamou á súa nai e dixo “Mamie”.

E o ruso dixo “Mama”.

E o africano dixo “Mbamba”.

Pero axiña comprenderon que estaban a dicir o mesmo e que tiñan os mesmos sentimentos.

Foi así como sorriron e xuntos acenderon unha fogueira, e cada un cantou cancións do seu país.

Desta maneira, mentres esperaban o amencer, aprenderon a coñecerse.

Por fin chegou o día. O frío era moi intenso. E de súpeto, dun grupiño de árbores, saíu un marciano. ¡Qué bicho máis raro!

Era todo verde, tiña dúas antenas en vez de orellas, unha trompa e seis brazos.

Quedou mirando ós cosmonautas e dixo: “Grrrr”.

Na súa fala “Grrrr” quería dicir: “¡Ai miña nai! ¿Quen son eses bichos tan raros?”.

Pero os terrestres que non o comprendían, pensaron que a súa exclamación era un grito de guerra. E decidiron espantalo.

De súpeto, no medio do intenso frío do amencer, un paxariño marciano, que escapa do niño, caeu ó chan atarecendo e temblando de medo.

Piaba desesperado, máis ou menos como un paxariño terrestre. Daba moita pena velo.

O norteamericano, o ruso e o africano miraron ó paxariño e non poideron conter unha bagulla de compaixón.

Nese momento sucedeu algo extraño. Tamén o marciano acercouse ó paxariño, mirouno e deixou escapar dúas febras de fume da súa trompa.

E os tres cosmonautas comprenderon que o marciano estaba a chorar, como adoitan chorar os marcianos. Despois viron que se inclinaba sobre o paxariño e o acariñaba cos seus seis brazos, tentando de darlle calor.

O africano, dixo ós seus amigos terrestres: “¿Non vos decatades? Críamos que este marcianiño verde era distinto de nós, pero tamén ama ós animais, ten un bo corazón... ¿Pensades aínda que debemos espantalo?”.

Non era necesario facer semellante pregunta. Os terrestres xa aprenderan a lección. Que dúas persoas sexan distintas non significa que deban ser inimigas.

Así foi que se acercaron ó marcianiño e lle tenderon a man.

E o marciano que tiña seis, deulle a man aos tres ó mesmo tempo, mentres que coas que lle quedaban libres facía xestos de saudar.

E sinalando a terra, deu a entender que desexaba viaxar a ela, para coñecer ós outros habitantes e estudar con eles a forma de fundar unha grande comunidade espacial onde todos se amasen e estivesen de acordo.

Os terrestres dixeron que si entusiasmados. E para festexar o acontecemento lle ofreceron un bombón.

O marciano, moi contento, tocou o bombón co seu dedo luminoso e o bombón desapareceu; era a súa forma de comelo e saborealo.

E os terrestres botaron a rir. Tiñan comprendido que tanto na terra como noutros planetas, cada quen ten os seus propios costumes, pero só é cuestión de se comprender os uns ós outros.

Actividades

Debatide en grupos pequenos e despois no grupo grande.

Sinalade os PAÍSES – PLANETAS – ESPECIES e IDIOMAS dos protagonistas.

¿Podemos dicir que pertencen a CULTURAS distintas?

¿É posible a convivencia pacífica e fraternal entre seres de CULTURAS DISTINTAS?

¿Cómo facer? (Choiva de ideas).

¿Pódennos unir os mesmos SENTIMENTOS?


Conto do gato e do rato

(Fonte: Seminario de Educación para la Paz. Asociación Pro Derechos Humanos de España)

Lectura do art. 3 da Declaración Universal dos dereitos Humanos:

Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Presentamos un conto de interiorización, un camiño que axuda á comprensión das persoas. Fúndase no enfoque socio-afectivo: sentir na propia pel os problemas das outras persoas.



Procedemento:

A lectura deste conto debe ser moi lenta, con frecuentes pausas durante a mesma. Mellor nun ambiente a media luz.

Pecha os ollos e imaxina que abandonas o lugar onde estás.

Agora camiñas por unha rúa estreita. Chegas a unha casa vella e solitaria. Sobes as escaleiras. Xa estás diante da porta. Empúr-raa. A porta renxe... (pausa).

Estás xa dentro dun cuarto escuro e baleiro...

De súpeto notas unha estraña sensación que te arrepía. O teu corpo empeza a tremer... Sentes que te estás a converter en algo cada vez máis cativo, máis feble... (pausa).

O teito é agora moi alto, está moi lonxe e ti es un ser insignificante, pequerrechiño. Decátaste de que xa non es o que eras. O teu nariz é longo, afiado. O teu corpo está cuberto de pelo. Tes catro patillas. Comprendes, á fin, que ti es UN RATO... (pausa).

Olla ó teu redor desde a túa perspectiva de RATIÑO...

Unha porta que renxe... ¿Quen será? Míraa ben. Está entrando un GATO, un gato grande que avanza paseniño, ás caladas. Un gato grande, un gato tenso, vixiante... (pausa).

O teu corazón de ratiño latexa; alentas entrecortadamente. Miras o gato... (pausa).

O gato decátase da túa presenza; os seus ollos brilan. Vaise achegando, vaise achegando a ti... Anícase... (pausa).

¿Qué sintes agora? ¿Qué podes facer? ¿Qué decides facer? (pausa).

Xusto no intre no que o gato vai choutar encima túa, o seu corpo e máis o teu comezan a tremer... ¿Qué está a suceder?

O teu nariz encóllese. O teu corpo medra. Estás medrando... Miras para o gato. O gato está minguando... Xa tedes o mesmo tamaño... ¡Non! ¡Xa non! Ti es máis forte. Ti xa non es un ratiño. TI ES UN GATO... (pausa).

Pero, ¿qué está a pasar co gato? Xa non é un gato... Agora é UN RATIÑO... (pausa).

O gato tranformouse en ratiño e ti es un gato grande, forte...

¿Qué sentes agora que es grande, forte e non estás amedrentado? ¿Qué pensas do ratiño? ¿Sabes o que está a sentir o rato? ¿Qué vas facer? (pausa).

E de novo a metamorfose. Comezas a medrar. Estás recobrando o teu ser de muller, de home... Xa es ti mesmo...

Saes da casa e abres os ollos.

Actividades:

É o momento no que podedes manifestar as vosas vivencias e responder a unha serie de preguntas:

1. Acabas de vivir unha experiencia. Analízaa e descríbea: as reaccións que tivesches, as sensacións, os sentimentos, etc.
2. Relaciona esta experiencia con situacións da vida real. Trátase de que compares esta situación simulada con outras situacións (políticas, etc) dun nivel máis amplo (deste xeito pasamos do micronivel persoal ó macronivel social). Por exemplo:
 - Qué sucede nas relacións interpersoais cando hai grandes desequilibrios de poder? (persoas en situación de superioridade ou de discriminación, etc).
 - O mesmo, pero referido ó ámbito intergrupar, internacional.

¿Como solucionar, desde os valores dunha Educación para a Paz, o conflito entre fortes e débiles?

2. O TEATRO

Entangarañados

(Fonte: Calo Iglesias)

Personaxes (por orde de aparición):

Narrador/a
Unha Meiga e un Porco
Un Dragón e unha Parrula
A Princesa Marifresa
O Xigante Matarileiro
Os Paxariños
As Manchas Negras
O Tamborileiro/Pregoeiro
A Meiga Coxa
O Dragón Peideiro
O Gatipetro
O Anano Saltarín
O Tupo
A Coella
Romeiros e Romeiras

Un decorado rural con árbores, casiñas, hortas, lagoa...

ÁBRESE O PANO

Narrador/a:

(Pode estar á beira do escenario, sobre un alto para que destaque. Soa unha música suave mentres fala):

Conta unha vella historia, por certo inacabada, que na Parroquia galega da Fauniña e na súa fraga encantada da Encantiña, todos nacían e medraban en paz e harmonía, sen sobresaltos nin sobrebaixos...

Os trigos dourados nas medas das eiras concertaban cos feixes de herba nos prados, coa festa multicolor das cereixas, mazáns e cirolas, co vaivén imprevisible dos melros, pardais, gorrións e paporrubios...

Os paxariños, fartos de comer e de rir, despois de lle facer as beiras ó Espantallo amigo, ían beber na Lagoa que formaba a torrenteira, á beira da fraga, e ficaban alí quedíños uns instantes, co pico mollado, mirando ós pelouros do fondo...

Na Fauniña e na Encantiña todos e todas andaban a cantar, a bailar e rir. ¿E a traballar? Traballaban os sábados e domingos, pero o resto da semana descansaban...

(Soa a música de «O arco da vella» de Suso Vaamonde. Saen cantando e bailando, collidos das mans, unha Meiga e un Porco. Baixa o tono da música):

Meiga: *Nin o cre o cura*

Porco: *Nin o cre o frade*

Meiga: *Que baile unha meiga*

Porco: *E que un porco cante...*

(Retíranse a Meiga e o Porco. Volve elevarse a música e entran agora no escenario, tamén bailando, un Dragón e unha Parrula. Baixa o tono da música).





Dragón (Declarándose á Parrula):

*¡Ai miña Parrula,
prenda dos meus ollos,
dame dous biquiños
e sácame os piollos!*

Retíranse bailando.

Narrador/a:

A raíña desta feliz comarca non era raíña, era Princesa e chamábase Marifresa.

Princesa Marifresa (Entra no escenario):

*Eu chámome Marifresa,
Princesa de moi bo ver,
o meu home é un Xigante
que non para de crecer.*

Entra agora o Xigante Matarileiro

Xigante Matarileiro:

*Eu son o Matarileiro
Xigante de moita sona,
gústanme moito as fresas
e tamén facer a mona.*

Retíranse e aparecen uns Paxariños.

Paxariños:

*Estivemos de merenda
co Espantallo do lugar,
xantamos millo graúdo
e grans de trigo a fartar.*

Retíranse.

Narrador/a:

Todo isto sucedía nos bos tempos... ¡Ata que chegaron os malos! O primeiro aviso déronno unhas Manchas Negras nos bicos dos paxaros, nas flores e nas froitas todas...

Entran no escenario unhas Manchas Negras e ameazantes.

Manchas Negras:

*¡Aos bicos dos paxaros,
aos pétalos das flores,
ás flores multicores
estamos a amolar!*

*¡Traemos a tristura,
a negación da vida,
a peste aborrecida
da bomba nuclear!*

(Retíranse mentres se escoita unha música militar).



Narrador/a (Coa mesma música de fondo):

*Pero o peor ocorreu cando comezaron a nacer bebés entangarañados: parruliños,
porcos, coellos, dragonciños, ananos, xigantiños... Ou sexa que na Fauniña e ta-
mén na Encantiña, canto nacía, nacía torto, malfeito, ¡Entangarañado!
A Princesa Marifresa mandou un Tamborileiro por todos os lugares da Fauniña e
da Encantiña, convocando urxentemente a Asemblea popular...*

(Entra no escenario o Tamborileiro tocando o tambor e berrando):

O Tamborileiro:

*De parte da nosa Princesa
de cara de fresa:
Que está preocupada,
nin durme nin nada...*

*¡Que é cousa do díaño
tanto entangaraño!*

*¡Que chama a arrebato!
Que non falte o gato
que é moi preguiceiro.
¡Así Volo Anuncia o Tamborileiro!*

Retírase tocando o tambor.

Narrador/a:

*Á beira do palacio, no medio da fraga encantada, achegáronse todos os veciños,
gatos incluídos. O primeiro en falar foi o Dragón Peideiro...*

(No escenario están tódolos habitantes da Fauniña e da Encantiña. A Princesa Marifresa preside a Asemblea. Todas a familias da fraga padecen desgrazas, deformacións... e queren saber a orixe de tantos males).

O Dragón Peideiro:

*Co permiso da nosa Princesa
de cara de fresa.*

*Eu son o Dragón Peideiro.
Pido perdón polo cheiro...
A miña Dragona está con estrés...
Pariu un dragonciño co cú do revés...*

O Gatipetro:

*Co permiso da nosa Princesa
de cara de fresa.*

*Son o Gatipetro,
cabeza de gato
e corpo de Pedro.
¡Ai miña madriña!
¡Válgame San Bieito!
¡Os gatipetriños
naceron tolleitos!*





O Anano Saltarín:

*Co permiso da nosa Princesa
de cara de fresa.*

*Son o Anano Saltarín
E as miñas desgrazas
¡ai! non teñen fin...
O noso fillo Ananiño
xa non é quen de saltar
pois ten un pé para diante
e outro tenno para atrás...
¿Quen lle botou o meigallo?
Eu non sei o qué pensar...*

Pero será o Toupo quen dará as pistas...:

*Co permiso da nosa Princesa
de cara de fresa.*

*Aínda que son unha Toupa,
nunca cesei de furar;
furando, fura que fura
para o meigallo encontrar...
¡O meigallo non existe,
xentiña deste lugar!
Debaixo das nosas terras,
vouvos dicir o que hai:
¡unhas bombas venenosas
que non paran de estoupar!*

Escóitanse estoupidos.

A Coella tamén sabe algo...:

*Co permiso da nosa Princesa
de cara de fresa.*

*A mil probas sometida
pasamos a nosa vida...
Xa non somos máis galegos
que somos coellos de Indias...
Eu perdín tódolos dentes
metida naquel caixón.
Perdín fillos e marido,
unha orella e un pulmón.
¡Mecago nas nucleares
e na nai que as inventou!*

Repiten moitas voces:

*¡Mecago nas nucleares
e na nai que as inventou!*



Narrador/a:

Cada quen contaba as súas penalidades e desgrazas. Na Asemblea estaba a Meiga Coxa, moi resabida, e Presidenta da Asociación Meigas Forza. ¡Que ninguén pense que a culpa é das meigas...!

A Meiga Coxa:

*Co permiso da nosa Princesa
de cara de fresa.*

*A toupeira ben razoa,
vai de contaminación.
Queda libre de sospeita
a nosa organización.
¡Meigas Forza está con vós
e ofrece unha solución...!*

Todos/as:

¿Qué solución ofrecedes?

A Meiga Coxa:

*Irmos a San Benito da Caba de Lobo para curar aos nosos entangarañados.
Escoitade este poema do inmortal Curros Enríquez:*

*«San Benito de Caba de Lobo
ten no cume un penedo furado
de tan rara virtude ortopédica
que é o asombro do mundo cristiano.*

*Cando nace un meniño tolleito,
seus parentes oférceno ó Santo
e mitido nun queipo de bimbio,
alá o levan á festa en chegando.*

*I aos dous lados da boca da pena,
que lle colle dun lado a outro lado,
din a nai e a madriña do renco
pola gorxa da pedra pasándoo:*

*‘Ten conta, santiño,
do meu tangaraño:
doente cho deixo,
devólvemo sano’.*

*»I isto dito tres veces arreo,
sin refoigo tomar nin descanso,
o coitado do entangarañado
queda xa desentangarañado».*

Narrador/a:

*A Meiga Coxa animou a toda a xente da Fauniña e da Encantiña a peregrinar de
seguido ao Santuario de San Benito da Caba de Lobo.
A Meiga ergueuse no medio da Asemblea e berrou.*



A Meiga Coxa:
¡Meigas Forza!
¡Collamos camiño
a San Benitiño!

A xente que está na Asemblea comeza a desfilar, arredor do escenario.

Narrador/a:
Durante os días da peregrinación confluíron con outros moitos romeiros e romeiras, entangarañados ou sen entangarañar, pero todos doentes e cun chisco de esperanza posto en San Benito da Coba de Lobo. Pero cando chegaban a rentes da Coba, viron baixar polos campos adiante a outra xente...

Escóitanse berros e aparecen outras xentes que veñen do Santuario.

Xentes:
¡Xubilaron a San Benitiño! ¡O Santuario da Coba do Lobo é un cemiterio nuclear!

Narrador/a:
Desde ese momento a historia queda interrumpida. Non hai certeza do que pasou. Hai moitos contos e versións. Uns din que San Benitiño da Coba do Lobo levou moi a mal a súa xubilación forzosa e montou un número celestial dos que fan época: arremeteu contra a nuclearización da terra e conseguiu non só desentangarañar aoss entangarañados senón entangarañar ás bombas, que quedaron feitas unha birria e totalmente inservibles. Outra xente, máis pesimista, di que naquelas terras, en poucos anos, non quedou ninguén para contalo. E hai outra versión que fala de que houbo unha campaña de «escote pericote» e que se xuntaron moitísimos cartos e foi posible financiar o traballo de moitos sabios e sabías, que lograron inventar un virus mortal que acabou con todas as bombas nucleares... Cada quen pode quedar coa versión que máis lle conveña...

PANO



A bomba e o xeneral

(Adaptación libre do conto de Eugenio Carmi e Umberto Eco)

Personaxes (Por orde de aparición):

Átomo 1º, Átomo 2º e Átomo 3º
Persoas do Público (varios)
Unha nena do Público
Un neno do Público
O Xeneral
Un Señorón
Outro Señorón
Nenos e nenas con avións de papel
Cidadáns con flores

Escena 1ª

No escenario aparecen os tres átomos a saudar ó público.

Átomo 1º (Saudando):
¡Bos días, queridos amigos e amigas! Nós somos un grupo de átomos que escapamos dunha bomba atómica.

Os átomos quedan en silencio observando a reacción do público. Deixan pasar uns segundos...

Átomo 2º:
Estou mirando para vós e paréceme adiviñar o que estades pensando: «Estes non son átomos. Son un grupo de atolados».

Átomo 3º (Dirixíndose ó compañeiro):
Pois, ben mirado, algo de razón poden ter. Atolados, atolados... Temos que recoñecer que somos un pouco raros ¿non? (mirando inquisitivamente para os seus compañeiros).


Átomo 1º:
Un pouco raros si somos. (Rindo) ¡Mira ti que escapar dunha bomba atómica! ¡A quen se lle conte!

Átomo 2º (Dirixíndose ó público):
Escapar dunha bomba atómica é algo que sempre haberá que celebrar...

Átomo 3º:
Quedamos moi contentos despois de deixar a aquel Xeneral Xeneralísimo sen a súa guerra atómica. Aínda estou vendo a cara de parvo que lle quedou cando as bombas atómicas non estouparon.

Átomo 1º:
Estabamos moi satisfeitos e decidimos compartir a nosa alegría con tódolos átomos do mundo. E por iso estamos aquí con vós.

Átomo 2º (Dirixíndose aos outros átomos):
¿Acordádevos daqueles Señoróns que vendían armas atómicas? Cando comprobaron que as bombas non estoupaban comezaron a morder e a tragar os puros





que estaban a fumar, e berraban: «¡Traición, traición! ¡Fraude, fraude! ¡Que nos devolvan os cartos!»

Os átomos escachan coa risa... De súpeto, de entre o público, levántase unha persoa e diríxese ós átomos.

Unha Persoa do Público:
¿Pero que estades a contar? ¿Que é iso do Xeneral Xeneralísimo e duns Señoróns tragándose puros e dunhas bombas atómicas que non estoupan?

Átomo 3º:
¿Queredes coñecer toda a nosa historia?

Público:
Si, si, contádea.

Átomo 1º:
Poñédevos cómodos. Antes de comezar, imos tomar un refresco pois estamos un pouco secos e pícanos a gorxa, pero axiña volvemos.

PANO

Escena 2ª

Átomo 2º:
¡Hola familia unida! ¿Como vós vai pola vida? Xa estamos de novo convosco.
Bos días, átomos pais e nais. Bos días, átomos fillos. Bós días átomos fillas.

Un Neno do Público:
¿Por que nos chamades átomos? Eu chámome Paquiño.

Átomo 1º:
Está ben Paquiño. Pero ti e tódalas persoas que estades aí sentadas sodes da nosa familia, aínda que as apariencias poidan enganar un pouquiño...

Unha Nena do Público:
¿Somos da vosa familia?

Átomo 2º:
Si muller, si. Todos e todas somos átomos da mesma familia.
Teño que recordaros unha cousa: ¡que o mundo está cheo de átomos! Todo está feito de átomos. Por iso todos pertencemos, dalgunha maneira, á mesma familia.

Unha Nena do Público:
A mestra dixo o outro día que os átomos son moi cativiños.

Un Neno do Público:
E cando se xuntan, forman moléculas.

Átomo 3º:
¡Certo! ¡Moi ben explicado! E as moléculas forman tódalas cousas que coñecemos: as nais e os pais, as sillas, saias e xoias, os pantalóns e sombreiros, o pan e a marmelada, o balón e a moneca... Todos estamos feitos de átomos. O leite está feito de átomos. A mestra está feita de átomos. O aire tamén. E o lume...



Átomo 1º:
Cando os átomos viven xuntos en harmonía, todo funciona marabillosamente. A vida baséase nesta harmonía...

Átomo 2º:
Pero cando alguén rompe un átomo...
¡É terrible! Cando alguén rompe un átomo, os anacos vólvense tolos e golpean furiosos a outros átomos, e comeza todo a estoupar e a morrer.

(Os átomos simulan chocar uns cos outros, e berran como se estoupasen. Soa unha música militar, agresiva. Por fin música e átomos acalman e estes seguen a falar):

Átomo 3º:
Eche ben certo. Cando alguén rompe un átomo, ocorre unha explosión terrorífica! ¡É a morte atómica!...

Átomo 1º:
E aquí comeza a nosa verdadeira historia. Nós, como dicíamos ao principio, somos un grupiño de amigos-átomos que andamos este ano por libre contando a todo o mundo unha historia que nos pasou cun Xeneral Xeneralísimo.

(Os átomos quedan inmóbiles mentres cae o Pano).

PANO

Escena 3ª

(Na escea ten que aparecer unha Bomba, en forma de tenda. Pódese aproveitar unha tenda de camping, recuberta de cartón e cun gran letreiro: Bomba Atómica. No interior da Bomba están o grupo de átomos).

Átomo 1º:
¡Non hai dereito! ¡Mira que meternos aquí, nunha bomba!

Átomo 2º:
¡Eu non aguanto máis! ¡Eu escapo!

Átomo 3º:
Eu non quero explotar, nin quero matar a ningún...

Átomo 1º:
¡Chist! ¡Calade que ven o Xeneral!

(Os átomos anícanse e quedan como durmidos).

Xeneral (Frotando as mans e dando palmadas na súa barriga):
O meu arsenal de bombas atómicas está case completo. En canto teña unhas poucas máis, farei estoupar unha magnífica guerra, unha guerra guerrísima...

(O xeneral rí e marcha).

Átomo 2º:
Temos que actuar xa. Este Xeneral está tolo.





Átomo 3º:

Eu non me resigno a ficar aquí pechado. ¡Temos que escapar desta bomba e ir falar cos átomos das outras bombas!

Átomo 1º:

Si. Temos que facelo axiña, porque este Xeneral está a piques de desencadear a guerra. E vai ser terrible... Van morrer moitos nenos e nais, e pais, moitos gatiños, moitos paxariños... Todo o mundo vai morrer...

Átomo 2º:

Vanse destruír países enteiros. Onde hoxe hai casiñas brancas con tellados vermellos e árbores verdes... e bambáns, e bicicletas, e campos de xogo... Só quedará un horrible buraco todo queimado.

Átomo 3º:

¡Temos que rebelarnos e escapar da bomba!

PANO

Escena 4ª

(Diante da Bomba, aparece o Xeneral cheo de galóns e medallas, cun grupo de Señoróns gordos, fumando uns grandes puros).

Un Señorón:

Temos gastado un monte de cartos para facer as bombas, e non debemos esperar a que se enferruxen.

Outro Señorón:

Meu Xeneral, ¡ten vostede que declarar a guerra xa!

Xeneral:

Si, si. Iso esta feito. Teño que comezar a guerra xa. E así chegarei a ser Xeneral Xeneralísimo.

Todos:

Imos logo declarar a guerra guerrísima, para o noso Xeneral Xeneralísimo. ¡Viva a guerra guerrísima! ¡Vivan os cartos cartísimos que imos gardar na nosa carteira carteirísima!

(Vanse).

Átomo 1º:

Xa marcharon. ¡Veña, lixeiro! Compañeiríño, vai ti avisar aos demais.

(Tódos os átomos van escapando da bomba).

PANO

Escena 5ª

O Xeneral (no medio dunha praza chea de xente, está a ler un bando):

Queridos parvos e parvas da miña nación: este é un día de gloria para min, que son un Xeneral Xeneralísimo capaz de matalo todo en menos que canta un galo inimigo. ¡Ah! ¡Qué poder de destrución tan maravilloso teño! ¡Bombas a min! ¡Bombas a min!



A xente comeza a escapar do escenario, chea de medo, buscando os refuxios. E o Xeneral prosegue entusiasmado, sen decatarse que está só na escena.

Xeneral:

¡Ah, día venturoso, glorioso, para o voso, para o voso xeneroso Xeneral! ¡Firmes, ar! (Mira desconcertado e non ve a ningún) ¡Ai que carapio! ¿Onde vai a xente?

Escoitanse ruidos. Aparecen no escenario avións grandes de papel, levados por nenos, metendo moito ruído de motor. No fondo sitúanse o Xeneral e os Señoróns, mirando cos prismáticos. Os nenos van tirando molduras de plásticos que levan escrito en letras grandes Bombas Atómicas, pero ningunha estoupa.

A continuación entran por un lado do escenario todos os átomos pacifistas collidos da man berrando.

Átomos:

¡Cidadáns! ¡Saíde dos refuxios! ¡Vinde, vinde, cidadáns que as bombas están valdeiras!

Aparecen os cidadáns con flores. Cada un vai cara unha bomba valdeira e utilízaa como un floreiro. E toda a xente canta e baila, xunto cos átomos, mentres o Xeneral e os Señoróns escapan do escenario.

PANO

Escena 6ª

Volvemos a escena do principio.

Átomo 1º (Dirixíndose ao público):

E así foi como acabou aquela guerra, que non foi guerra grazas á nosa rebelión.

Átomo 2º:

E por iso andamos a contar esta historia por todo o mundo. Para que a xente se poña en contra da guerra e dos fabricantes de guerras. E pedimos a desaparición dos exércitos, e a xubilación forzosa de tódolos Xeneralísimos.

Unha Nena do Público:

¿E que foi do Xeneral Xeneralísimo?

Átomo 3º:

Pois como xa non había máis guerras, quedou sen traballo. E para aproveitar o seu uniforme cheo de galóns e de medallas, fíxose porteiro dun Hotel de catorce estrelas.

Átomo 1º:

Pero era bastante burro e o único que sabía dicir cando aparecíann os turistas era: ¡Firmes Ar!

Átomo 2º:

E a xente cabreábase con el porque non ía coller as maletas. E berrábanlle: «¡A ver, Medallón, deixa de facer o Xeneralísimo e colle as maletas! ¡Tería que darche vergonza! ¡Neste hotel de catorce estrelas o servico é moi malo!».

Átomo 3º:

E o Xeneral Xeneralísimo púñase moi colorado. Pero seguía berrando ¡Firmes Ar!, porque era o único que sabía facer.





Átomo 1º:

Agora xa coñecedes a nosa historia. Nós temos que seguir polo mundo adiante contándoa. A ver se entre todos somos quen de acabar coas guerras, cos vendedores de guerras,cos exércitos e cos Xeneralísimos dos exércitos. ¡Deica logo!

Soa unha música alegre mentres cae o PANO.



Os gatos do 07

(Fonte: Calo Iglesias)

Gatos que interveñen:

Gatos/as Narradores

Micifuz

Miagariña

Asemblea de Gatos

Os Gatos sen Fronteiras

O Gato con Botas

Zapirón

Morriñas

Escena 1ª

Soa a música, mentres aparece o Gato Micifuz. Despois duns segundos fala o Gato/a Narrador e apágase a música.

Gato/a Narrador:

*Velaquí a Don Micifuz
sentadiño no tellado,
co bigote medio murcho
e o bandullo arrebatado.*

*Ten no corpo un bule-bule
feito de cheiro a sardiña,
feito de noites e lúas
sen rabuñar unha espiña.*

Intervén agora o Gato Micifuz.

Micifuz:

*¡Ai dos vellos tempos, cando comiamos as migas con leite no colo das
marquesas! Eu xa esquecín as relambidas de bigote, co bandullo cheo e o
lombo lustroso... ¡Ai mi madriña, que fame teño!*

Coa primeira luz, polo cume do tellado, aparece a gata Miagariña. Volve a soar suavemente a música mentres fala de novo o Gato/a narrador.

Gato/a Narrador:

*No tellado, a media luz,
admirade a Miagariña,
unha gata miudiña
e moza de Micifuz.*

Miagariña (Leva una sardiña na man):

*¡Ei, Micifuciño! ¡Miau, Miau! ¡Sonche eu, a Miagariña! ¡Veña, gato tristeiro,
mira o que trouxen para ti! ¡Unha boa sardiña!. Ven aquí, que che vou dar
unhas gatuxadiñas, meu rei.*

Micifuz:

¡Primeiro a sardiña! ¡Primeiro a sardiña!



Miagariña e Micifuz xúntanse. Micifuz está a comer con avidez a sardiña, mentras Miagariña faille agarimos.

Micifuz:

¡Ai Miagariña! Había ben tempo que non relambía o bigote tan a gusto. E logo ¿onde atopaches esta queridiña tan saborosa?

Miagariña (Con retintín):

Chegou voando, Micifuciño, chegou voando, mentres eu estaba toda sentadiña no tellado, sen mover o rabo e mirándome o embigo.

Micifuz:

Tes razón, Miagariña. Pero agora, co caloriño desta sardiña e dos teus agarimos, vou sacar a metade do meu abatemento. ¡Quen me dese outra sardiña para sacar a outra metade...!

Miagariña:

Gústasme así, Micifuciño, imaxinativo e soñador. ¿Recordas o ben que falabas nas reunións da Asociación Demo-Gática Galega? Que todo eran Miaus de admiración polo listo que nos eras...

Micifuz:

Seica teño que volver ás xuntanzas e ós faladoiros da Asociación...

Miagariña:

Por suposto, Micifuciño. ¡Volverás comigo! Hoxe, á noitiña, temos unha xuntanza onda a Lonxa do Peixe, con sardiñada e todo.

Micifuz:

¡A esa vou eu!

Miagariña:

Van a estar connosco o Gato con Botas e os Gatos sen Fronteiras. Traen unha proposta de solidariedade a prol dos gatos do Terceiro Mundo. Voucha explicar...

Escena 2ª

Miagariña e Micifuz camiñan agora pola rúa, collidos das mans e falando animadamente. Escóitase unha musiquiña romántica.

Gato/a Narrador:

*¡Que tan queridiños van
Miagariña e Micifuz
agarradiños da man!
¡O que pode unha sardiña
e os bicos de Miagariña!*

De súpeto Micifuz pisa brando e esvara.

Micifuz:

¡Miau-cago en dez! ¡Merda!

Miagariña:

De can.



Micifuz:

¡De can tiña que ser! Agora os cans van de señoritos, ¡veña de pasear! ¡veña de pasear e veña de enmerdar! É o único que saben facer. Por non saber, nin saben xa escorrentar un gato.

Miagariña e Micifuz sentan nun banco a limpar a merda e falan.

Miagariña:

A culpa, Micifuciño, non é dos cans; é dos seus amos que non os educan. Os cans están pouco preparados para vivir nas vilas. Nós si. Os gatos sempre fomos xente moi cívica, educada e sufrida. Temos vivido nos palacios cos faraóns, reis e marquesas, nos sotarregos escuros e nos tellados, nas casas dos tendeiros, e sufrimos a persecución relixiosa xunto coas meigas. Somos ademais xente limpa e de moita intimidade. Eu nunca vin cagar a un gato no medio da rúa, ¿e ti?

Micifuz:

Eu tampouco. Tes razón, Miagariña, os gatos somos xente con sabedoría. Os cans aínda teñen moito que aprender, pero, cos amos que teñen, coido que non van chegar moi lonxe. Eu quédome cos cans da aldea, cos cans de palleiro, que gardan a casa, cagan a monte ou na corte, sen emporcar. Pero estes cans de vila, en señoritados, estánche moi verdes. Xa chegamos á festa.

Escena 3ª

Na parte traseira da Lonxa do Peixe vese unha morea de gatos e gatas cantando, bailando e xantando sardiñas. Escóitase música movida e Miaus de festa e alegría.

Gato/a Narrador:

*Sobre unhas caixas baldeiras
tocan violín e violón
catro Gatos sen Fronteiras.
e o vello de Zapirón*

Vense os gatos tocando e outros gatos e gatas bailando.

Outro Gato/a:

*¡A festa Demo-Gática
acaba de empezar!
¡Bailadas e cantigas!
¡Sardiñas a fartar!
Mirade a Micifuz,
¡estáse a empapuzar!*

Gatos e gatas bailando e Micifuz papando.

Outro Gato/a:

*Cunha flor na cabeciña
e unha sardiña na man,
canta e baila Miagariña
«Ondiñas veñen e van...»*



Destácase o baile de Miagariña.

Outro Gato/a:

*¡Prestade atención
que o Gato con Botas
baila de tacón!*

Destácase o baile do Gato con Botas. Segue a festa rachada con música e baile.

Gato/a Narrador:

*E agora, coa lúa chea,
¡vai comezar a Asemblea!*

Escena 4ª

Pleno da Asemblea. Fala primeiro o vello Zapirón, Presidente da Asociación Demo-Gática Galega.

Zapirón:

*Compañeiros gatos e compañeiras gatas:
¡A sardiña estea convosco!*

Asemblea de Gatos:

¡E contigo tamén!

Escóitanse Miaus de satisfacción.

Zapirón:

*Están connosco o Gato con Botas e os Gatos sen Fronteiras... (Aplausos).
O Gato con Botas é un corredor de fondo que está a percorrer, xunto cos
Gatos sen Fronteiras, todas as Asociacións Demo-Gáticas Galegas. Traen
un proxecto de solidariedade, do que axiña van falar.*

O Gato con Botas (Saudando á Asemblea):

Compañeiros gatos e compañeiras gatas: ¡A sardiña estea convosco!

Asemblea de Gatos:

¡E contigo tamén!

Vólvense a escoitar Miaus de satisfacción.

O Gato con Botas:

*Estamos a percorrer o país, de punta a rabo, e teño que decirvos que nunca
mirei tanto arrebatado de gatos e gatas a prol da campaña de solidariedade
cos nosos irmáns do Terceiro Mundo: ¡A Campaña do 0,7!*

Escóitanse Miaus de entusiasmo e os Gatos sen Fronteiras saen a saudar.

Os Gatos sen Fronteiras:

¿Sabedes en qué consiste a Campaña do 0,7?

Micifuz (Relambendo o bigote):

*Seino eu. Explicoumo a miña moza, Miagariña, cando viñamos cara á As-
semblea. Trátase de que o Goberno da República Gatuna destine o 0,7 do
Producto Nacional Gato para axudar ós nosos irmáns do Terceiro Mundo.*



*Ou sexa, de cada 100 sardiñas tería que mandar gratis algo máis de media
sardiña. A min paréceme pouco, pero por algo hai que empezar. Contade
comigo.*

Miagariña:

E comigo.

Agora pide a palabra o gato Morriñas. É un gato moi guapo, cun fociño rousado.

Morriñas:

Eu sonche do Bosque Animado. Escapei do Pazo das Señoras Dabondo,
pois estaba farto de sestar e xogar cos novelos das miñas Señoras. Quería
ser un tigre,e non tiven mellor ocorrencia que entrar no Clan dos Gatos
Libres, que tamén querían ser tigres. Paseino moi ben os primeiros días,
cando estabamos a preparar o ataque a un boi. ¡Nunca tal fixera! Do couce
que recibín aínda teño memoria nas miñas costas..
Así que volví ao pazo e tiven tempo de pensar, porque cando andaba de
tigre pola vida, de pensar nada; o único que facía era rabuñar e trincar.
Agora estou aquí. Coido que o do 0,7, aínda que sexa pouco, é cousa boa.
Moito mellor que andar por aí facendo o tigre. Contade tamén coa miña
colaboración para a Campaña.*

Volve falar o Gato con Botas.

O Gato con Botas:

*Xa sabedes que hai gatos que fan burla de nós e andan a dicir que os do
0,7 somos catro gatos. Se somos catro gatos hoxe, pode que mañá sexa-
mos oito e pasado mañá dezaseis. ¡Temos que arrimar o lombo á sardiña
do Terceiro Mundo! Éche moi duro non cheirar unha sardiña en meses e
meses...*

Un dos Gatos sen Fronteiras:

*Co 0,7 do Producto Nacional Gato, cada gato e gatiño do Terceiro Mundo
podería papar unha sardiña de cando en vez, a maiores do que apañen no
lixo. Non é moito, pero é o camiño para acadar a Grande Sardiñada Com-
partida, que acabará con tódalas fames deste mundo.*

Escóitanse Miaus solidarios. Fala agora Miagariña.

Miagariña:

*A min paréceme que o máis práctico é que lle escribamos unha carta ó Sr.
Gatipetro Pérez, o Presidente da República Gatuna. E que a carta leve a
pegada dos gatos e gatas da Asociación Demo-Gática Galega, que apoiem
a Campaña.
E digo máis, e escóitame ben sobre todo ti Micifuciño, os que estean a prol
da Campaña, teñen que procurar, unha vez ó mes, unha sardiña de seu
para o Comité dos Gatos sen Fronteiras.*

Intervén agora Zapirón.

Zapirón:

*As propostas de Miagariña parécenme moi axeitadas. Os que estean de
acordo que levanten a pata.*





Vese agora a tódolos gatos e gatas da Asemblea votando a pata alzada a prol das propostas de Miagariña. Fala agora o Gato con Botas.

O Gato con Botas:

¡Tres miau e un marramamiau polo 0,7!

Asemblea:

¡Miau, Miau, Miau, Marramamiau!

Zapirón:

Imos rematar a Asemblea cantando o himno da nosa Asociación.

Asemblea (Tódolos gatos e gatas collidos das mans):

Agora que estamos sós (bis)
imos contarvos mentiras, marramiau (3 veces).
Polo mar corren as lebres, (bis)
polo monte as sardiñas, marramiau (3 veces).

Sentadiño no tellado (bis)
estaba o Señor D. Gato, marramiau (3 veces).
a merendar un chourizo (bis)
que lle regalara un rato, marramiau(3 veces).

Na repetición do último verso, vanse apagando as voces. Coa Asemblea no fondo do escenario, adíantanse Micifuz, Miagariña, o Gato con Botas e os Gatos sen Fronteiras.

Miagariña:

*No colorín colorado,
pedímosvos unha axuda
para o mundo esfamentado.*

Micifuz:

*No colorín colorido,
pedímosvos unha axuda
para o mundo empobrecido.*

O Gato con Botas e os Gatos sen Fronteiras:

*No colorín colorete,
pedímosvos unha axuda
¡Para o noso 0,7!*



Os Cinco Dedos

(Fonte: Calo Iglesias)

No chan do escenario aparecen pintadas as siluetas dos CINCO DEDOS DA MAN. En cada silueta fica un dedo

Presentación

(Pode facela o mestre ou mestra, desde a palma da man):

Pois si. Este señor (señora) que estades a ver non é un señor, É UN TERRITORIO: O TERRITORIO DA MAN (xestos, movendo a man). Poderedes observar que nel móvense cinco habitantes, quero dicir CINCO DEDOS (os Dedos saúdan). É ben sabido que en tódolos territorios hai problemas. E no TERRITORIO DA MAN non podían faltar. Pero serán eles mesmos, os dedos/habitantes quen llelo van contar.

O maimiño:

*Eu son o Maimiño
o máis pequeniño.*

O matapiollos:

*Á vista dos vosos ollos
preséntase o Matapiollos.*

O dedo do aro:

*Para que quede ben claro,
eu son o Dedo do Aro.*

O furabolos:

Eu chámome Furabolos

O máis grande de todos:

Eu o máis Grande de Todos.

Escena primeira e única

O Dedo do aro (Aparece con aneis de ouro e diamantes. Móstraos ostentosamente).

Eu son un Dedo importantísimo. Excelentísimo. Máis que Dedo son DE-DÍSIMO. O Dedo das Revistas do Corazón. O Dedo dos aneis de ouro e pedras preciosas que lucen as marquesas e as estrelas de cine. Un Dedo resplandecente e aristocrático. Non como outros Dedos que o único que saben facer é mallar nos piollos...

O Matapiollos (Mentres o Dedo do Aro está a falar, el ocúpase en matar piollos. Cando escoita as últimas palabras diríxese enfadado ao Dedo do Aro):

¿Qué estás a dicir, Dedo pijo, quincalleiro e presumido? Non conseguirás avergonzarme. Eu sempre fun o azoute dos piollos. Defendín as cabezas da xente pobre e impedín as pragas deses agresivos animalíños. Se non fose por min as túas marquesas pasarían a súa vida rascándose o cabezolo.

O Dedo do aro (facendo xestos de desprezo):

Non sabes o que dís, anano bazunchón. ¡Anda, vai pasear cos teus piollos e pulgas!





O Matapiollos:

Os teus insultos e desprezos non me aflixen. Son Anano, Matapiollos e Matapulgas. ¡E a moita honra!

O Maimiño (Ata agora calado e quieto no seu espacio, dirixese ao Dedo do Aro):

O Matapiollos ten toda a razón...

O Dedo do aro (Facendo burla):

“O Matapiollos ten toda a razón”. “O Matapiollos ten toda a razón”. ¡Mira quen falou! Un esfameado, un petapouquiño que non serve para nada.

O Maimiño:

¡Dasme pena, Dedo do Aro, dasme pena! E non por seres Dedo, senón por olvidalo. Paréceme que o único que ten valor para ti é o ouro...

O Furabolos (Intervén por primeira vez):

O Maimiño non di máis que a verdade. Con tanto ouro e arrogancia, estás a olvidar o que verdadeiramente es... Un Dedo da Man, un bo Dedo da Man, como todos nós.

O Dedo do aro:

Si, un Dedo da Man, pero un Dedo Dourado. A xente rica, a xente importante, escólleme. Eu son o preferido, o preferente. A min vistenme sempre de ouro e pedras preciosas (móvese facendo xestos de ostentación, dándose moita importancia).

O Máis grande de todos (Intervén na discusión):

Agora tócame falar a min. Atendede ¿non é certo que os Dedos da Man formamos unha DEDOCRACIA?

O Maimiño:

¿Que quere dicir unha DEDOCRACIA?

O Máis grande de todos:

Que no territorio da Man Común, formamos unha sociedade. ¡Pero uns somos máis Dedos que outros!

O Furabolos:

¿Que queres dicir con iso de que uns somos máis Dedos que outros?

O Máis grande de todos:

Quero dicir que na Dedocracia ten que haber unha xerarquía, uns niveis de importancia.

O Matapiollos:

Ou sexa, Dedos Dourados e dedos apiollados. Dedos Apreciados e dedos desprezados. Dedos Esbeltos que andan pola vida coa cabeza estirada, mirando con altanería, e dedos malfeitos, bazunchos, ananos e fracos. ¿E iso o que queres dicir?

O Máis grande de todos:

Mira, Matapiollos, sen desprezar a ninguén, pero non é o mesmo ser un Matapiollos que ser un Dedo Dourado e Diamantino. E non é o mesmo ser anano e gordecho, que ser Alto e Forte coma min.



O Furabolos:

Non estou de acordo. Os Dedos da Man somos diferentes, pero todos somos igualmente necesarios e útiles no territorio da Man Común.

O Maimiño:

Iso mesmo penso eu. O territorio da Man Común, para funcionar perfectamente, necesita de todos e cada un de nós.

O Matapiollos:

¡Claro! Por exemplo, eu axudo ao Furabolos a coller un bolígrafo e desta maneira a nosa Man pode escribir con máis facilidade.

O Maimiño:

E se a nosa Man quere escribir a máquina ou nun teclado do ordenador, todos podemos colaborar e ser útiles ¿non si?

O Furabolos:

E se quere tocar a guitarra, ou o piano ¿qué? ¿Non somos todos necesarios e útiles? Que llo pregunten a Beethoven, a Mozart ou ao Mestre Rodrigo.

O Matapiollos:

E todos os Dedos colaboramos cando a nosa Man busca e estreita a outra Man amiga.

O Maimiño:

E para todo iso, o Territorio da Man Común non necesita ter aneis de ouro nos seus Dedos.

O Dedo do aro (que xa non está tan seguro):

Si, si..., pero o ouro tamén ten o seu valor...

O Furabolos:

Por suposto que o ouro ten o seu valor. Pero ti es que realmente vales como Dedo. O ouro non é o Dedo. Ti es o Dedo. O ouro é de quita e pon.

O Máis grande de todos (que tamén está perder seguridade):

Pero non me negarás que eu son o Dedo Máis Grande de Todos.

O Matapiollos:

Si, pero esa calidade no che fai superior a ningún outro Dedo. Resulta moi axeitado que no territorio da Man Común uns Dedos sexan altos, outros baixos, uns gordos e outros fracos. Así é como conseguimos o EQUILIBRIO DEDOCRÁTICO e unha fermosa variedade.

O Maimiño:

Penso que a cousa está ben clara, para quen quera entendela.

O Dedo do aro:

Ben, ben... Recoñezo que eu nunca pensara nestas cousas. Creo que agora comezo a apreciaros máis. Iso de escribir no ordenador e de tocar a guitarra e o piano... Si, teño que recoñecer que eu nunca pensara nestas cousas. A verdade é que eu tiña a cabeza chea de marquesas...



O Máis grande de todos:

Eu tiña a cabeza chea de xigantes... Creo que agora nos comprendemos mellor. Eu síntome máis cerca de todos vos...

O Matapiollos:

Eu tamén me sinto máis cerca de todos vos. Estou disposto a axudar a quen o precise. Se a alguén lle pica o cabezolo que avise.

O Furabolos:

Pois agora, se vos parece, imos celebrar a nosa unión. (Xúntanse tódolos Dedos).

A Man (dirixíndose ó público, xunto cos Dedos):

*¡Coas nosas Mans, imos todos saudar!
¡Coas nosas Mans, imos todos a bicar!
¡Coas nosas Mans, imos todos a abrazar!
¡Coas nosas Mans, imos todos a aplaudir!*



3. CANCIÓNS E POEMAS

Atahualpa Yupanqui:

*Yo tengo tantos hermanos
Trabajo quiero trabajo
Le tengo rabia al silencio*

Jorge Cafrune:

*Milonga del peón de campo
Coplas del payador perseguido*

Ashero (en Cantos de Libertad I):

Vientos del pueblo (Miguel Hernández)

Sánchez Ferlosio (en Cantos de Libertad II):

La paloma de la paz

Ashero (en Cantos de Libertad III):

La muralla (Guillén)

Paco Ibáñez (en el Olimpia de París):

*Lo que puede el dinero (Arcipreste de Hita)
Como tú (León Felipe)
Palabras para Julia (José Agustín Goytisolo)
Me lo decía mi abuelito (José Agustín Goytisolo)
La mala reputación (George Brassens)
Andaluces de Jaén (Miguel Hernández)*

Luis Edudardo Aute:

Aleluya nº1



4. COMENTARIO DE TEXTOS

Querida Maruxiña

En diversas encontros con alumnos/as de Educación Secundaria traballamos os estereotipos e fobotipos. Istos circulan polo tecido da nosa sociedade e son interiorizados pola xente. Convén notar que hai palabras que son fobotipos en si mesmos (por exemplo a palabra <<sudaca>>), pero hai outras palabras neutras que, sen embargo, están contaminadas e son transformadas en fobotipos pola intención de quen as usa (por exemplo, “xudeu”). A experiencia de <<Querida Maruxiña>> invítanos tamén á consideración respectuosa e empática de problemas tan graves e complexos como o da inmigración e a diversidade cultural, alén dos estereotipos ou fobotipos.

Procedemento:

Fórmanse grupos de 4 persoas e entrégaselles a carta de Don Perfecto Blanco, a súa filla que estudia arquitectura en Barcelona. Don Perfecto, fillo de pais galegos (que emigraran á Arxentina nos anos 30 e alí enriqueceron), é agora un herdeiro rico e ten negocios na construción. A carta dicía:

Querida Maruxiña:

¿Como van eses estudos? Por aquí demasiado traballo, pero non me poido queixar. Os negocios marchan ben.
Do que si estou farto é da cidade. Cada vez hai máis negros, mouros, sudacas e xitanos. ¡Xa está ben! Esta xente quita seguridade e o mellor sería botalos fóra. Ademais están a sacar postos de traballo (agora, precisamente, que temos os españois tantos problemas co paro). O da falla de seguridade cada día me preocupa máis: venden droga, rouban e sacan a navalla ou amezan cunha xiringa. Están a propagar o SIDA. Por outra banda, son moi diferentes a nós: teñen unha relixión distinta, ou costumes e falas distintas. Eu sempre digo o mesmo: os africanos en África; os mouros, na mourería; os sudacas en América e ós xitanos hai que afastalos a todos: son unha peste.
Din os xornais que esta xente emigra porque son moitos e moi pobres. E digo eu ¿que culpa temos nós de que non controlen a súa natalidade agora que hai tantas facilidades?
Ben filla, cóidate. Estudia moito e se necesitas cartos chámame por teléfono.

Actividades:

- 1ª Enumera os problemas que ve Don Perfecto en relación coa xente de fóra.
- 2ª ¿Pensades que son problemas reais, que son esaxeracións, que en parte son problemas reais e en parte esaxeracións? Concretade.
- 3ª ¿Hai estereotipos ou fobotipos na carta de Don Perfecto?
- 4ª Don Perfecto ten <<solucións>> para o problema da inmigración. ¿Que che parecen? ¿ Pode haber outras solucións distintas ás de Don Perfecto? ¿Que solucións pensas que están máis de acordo coa Declaración dos Dereitos Humanos?



Rapaza

(Fonte: La tolerancia, umbral de la paz. UNESCO - 1994)

Entre as manifestacións de intolerancia figuran a explotación e o sexismo. As persoas vulnerables, en situación de desvantaxe por razóns de pobreza, idade ou sexo, son as máis frecuentes vítimas. Ofrecemos aquí a situación dunha muller chamada “Rapaza”, que conta a súa experiencia:

Rapaza

Eu son a lavadora que o meu señor non compra,
mentres eu coste menos
e lle aforre á súa esposa tempo
e aspereza nas mans.
Eu son a aspiradora que ela non necesita,
o lavacoches, a guardería,
a tinturería, a enfermería, e
o carriño da compra.
Eu son a emancipación da señora,
o botón que fai cumprir os seus desexos:
oprímame;
eu custo menos (...).

Actividades para o debate:

1. ¿De qué país procede a rapaza?
2. ¿Coñeces algún caso de rapazas que están en semellante situación no chamado “traballo doméstico”?
3. ¿Como valorar a situación que está a vivir a rapaza? ¿Cres que é xusta? ¿Que hai discriminación, abuso, explotación?
4. Imaxina e describe unha conversa entre a rapaza e a señora; entre o señor e a rapaza; entre o señor e a señora (falando da rapaza).
5. ¿Como podería mellorar a dignidade persoal e o dereito da rapaza a un tempo libre?

Violencia e incomprensión intercultural

Art. 2.1. da Declaración Universal dos dereitos Humanos.

Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

Nos libros de texto, nos medios de comunicación, na literatura infantil e xuvenil o normal é que aparezan tratamentos de aprecio con respecto á xente que representa a chamada “civilización occidental”, e de menosprezo con respecto ás xentes doutras civilizacións e culturas. Na presente dinámica facemos algunhas preguntas para que sexan debatidas na aula:

- 1) ¿Percibes se determinados grupos étnicos aparecen con frecuencia como salvaxes, crueles, cobardes, traidores? ¿Poderías concretar as túas percepcións?
- 2) ¿Como é calificada a violencia dos pobos pertencentes a outras culturas distintas á occidental? ¿Como é calificada a violencia dos pobos pertencentes á cultura occidental?
- 3) Nas novelas ou películas nas que aparecen pobos do chamado Terceiro Mundo ¿valórase positivamente a súa relación coa natureza ou, pola contra, considérase



se a estes pobos como salvaxes, retrasados, ignorantes, supersticiosos? ¿Podes poñer algún exemplo?

- 4) ¿Como se califica a relación dos “civilizados occidentais” coa natureza? ¿Sempre de modo positivo, como creadores de progreso, de riqueza..? ¿Hai algunha referencia a outro tipo de comportamento?
- 5) ¿Transmítese un sentimento empático cando aparecen negros, indios, chinos, mouros, xitanos...?
- 6) ¿Qué opinas destas afirmacións?:
 - Os europeos sorben café; os mouros tragan café
 - Os africanos farfallan os seus dialectos; os europeos falamos as nosas linguas.
 - África comeza nos Pirineos.
 - Os “pel-vermellas” están sempre en pé de guerra, arrancando cabeleiras ós indefensos e pacíficos brancos.

Racismo oculto

(Fonte: La tolerancia, umbral de la paz. UNESCO-1994)

Hai un racismo oculto nos libros de texto, nos contos, etc., que é importante descubrir. Analízade e debatide en grupos reducidos a seguinte historia, en dobre versión. Por último a posta en común.

Versión 1ª

<<O Sr. Winston é inglés.
Ten un amigo que se chama Alao. Alao é africano.
O Sr. Winston é médico.
O seu amigo Alao é campesiño.
O Sr. Winston é moi bo con Alao, sempre o cura cando está enfermo>>.

Versión 2ª

<<O Sr. Winston é inglés.
Ten un amigo que se llama o Sr. Alao. O Sr. Alao é nixeriano.
O Sr. Winston é médico.
O Sr. Alao é campesiño.
O Sr. Winston sempre lle envía ó Sr. Alao medicinas para a febre.
O Sr. Alao sempre lle envía ó Sr. Winston alimentos da súa colleita para xantar.
Os dous son moi bos amigos. E están mutuamente agradecidos>>.

Cuestións:

¿Cal das dúas versións prefires? ¿Por qué?

Ecoloxía

Todas as persoa debemos seguir facendo camiños de utopía, o que significa seguir loitando por acadar maiores cotas de liberdade e xustiza, por acadar un máis profundo nivel de conciencia solidaria, intercultural e ecolóxica.

No que respecta á nova conciencia ecolóxica, confiamos nunha futura Declaración Universal que incorpore a dimensión ecolóxica como un patrimonio da humanidade que é preciso defender e preservar. Unha Declaración que una aos seres humanos cos demais seres do Planeta Terra.

En grupos reducidos, analízade o seguinte texto:



2009 ANO INTERNACIONAL DA APRENDIZAXE DOS DEREITOS HUMANOS (ONU)

Os ecoloxistas non viven na realidade. O importante é producir e producir máis e máis, explotando os recursos naturais. Desa maneira a humanidade vai progresando e acadando unha mellor calidade de vida. É tamén moi importante crear hábitos de consumo dos produtos, por que se non se consume o que se produce as fábricas deixarán de producir e as persoas perderán os seus postos de traballo.

Facede despois unha posta en común
Comentade agora as seguintes frases:

- *Produce unha inmensa tristura pensar que a natureza fala, mentres os seres humanos non escoitan.*
- *Atoparás nos bosques algo máis que nos libros. As árbores e as pedras ensinan cousas que non poderás aprender dos beizos de ningún mestre.*
- *Cando teñade talado a última árbore, contaminado o último río e pescado o último peixe, comprobaredes que o diñeiro non pode comerse.*
- *O problema ecolóxico non ten solución. Ou volvemos á época pre-industrial –algo imposible- ou temos que aceptar as contradicións do progreso.*
- *A única solución para os problemas da contaminación, da deforestación, das choivas ácidas, etc., é reducir drasticamente o consumo.*
- *As industrias crean postos de traballo. Os ecoloxistas que piden o peche de fábricas están en contra da clase obreira.*
- *A min os ecoloxistas fanme moita graza. Deberían viaxar en burro, comer raíces, vivir en covas. Pero ós que coñezo viven todos como Deus.*

Recortade durante unha semana as noticias do periódico que denunciem agresións humanas contra a natureza. Comentádeas en grupo, apuntando conclusións e posibles solucións.

No lugar no que vives, ¿existe algunha agresión ó medio ambiente? En caso afirmativo, ¿existe responsabilidade individual? ¿Que alternativas se deben propoñer?

Calo Iglesias Díaz

calotoba@mundo-r.com



BIBLIOGRAFÍA



BIBLIOGRAFÍA

AGUIAR, ASDRUBAL (2000), Cultura de Paz y Derechos Humanos. UNESCO, UCAB, Caracas.

Anthropos, 2001 MARTÍNEZ BONAFÉ, J. (coord.) Ciudadanía, poder y educación. Graó

AA. VV. Cinco ciudadanías para una nueva educación. Graó,

AA. VV. Ciudadanía e interculturalidad. en ANTHROPOS, 191, 2001

ARISTÓTELES, Política, CEPC, 1997

ARENDT, H. ¿Qué es la política? Paidós, 1997

BÁRCENA, F. (et alia) La escuela de la ciudadanía. Descleé, 1999

BEETHAM, D. y BOYLE, K. Cuestiones sobre la democracia. Ed. la Catarata, 1995

BILBENY, N. Democracia para la diversidad. Ariel, 1999

CAMPS, Vª. (ed.) Historia de la Ética, Crítica,(3 vols.)

CAMPS, Vª y GINER, S. Manual de Civismo, Ariel, 1998

CONILL, J. –CROCKER, David A.(eds.) Republicanismo y Educación Cívica.

¿Más allá del Liberalismo? Ed. Comares, 2003

DAHL, R. La Democracia. Una guía para ciudadanos, Taurus, 1999

DEWEY, J. Democracia y Educación. una introducción a la filosofía de la educación, Morata, 1995

GINER, Salvador; Carisma y Razón. La estructura moral de la sociedad moderna. Alianza Ensayo, 2003,

GONZALO, E. e REQUEJO, F. Democracia. Las razones de un sueño que genera monstruos, en A. Cortina (dir.) 10 Palabras Clave en Filosofía Política, Verbo Divino, 1998

GUTMANN, A. La educación democrática: una teoría política de la educación. Paidós, 1995

HELD, D. Modelos de democracia. Alianza Ensayo, 2001

JARES, XESÚS (1998), EDUCACIÓN E Dereitos Humanos.

Estrategias didácticas e organizativas. Xerais.

KYMLICKA, W. Educación para la ciudadanía, en F. Colom (ed.) El espejo, el mosaico y el crisol. Modelos políticos para el multiculturalismo.

MARINA, JOSÉ ANTONIO (2001), La lucha por la dignidad. Anagrama.

OVEJERO-LUCAS, F. “Teorías de la democracia y fundamentaciones de la democracia” en DOXA, 19 (1996)

PHILLIPS, A. La política de la presencia. La reforma de la representación política. en García, S. e Lukes, S. (comps.) Ciudadanía: justicia social, identidad y participación. S. XXI eds., 1999

RIDAO, J.Mª La elección de la barbarie. Liberalismo frente a ciudadanía en la sociedad contemporánea. Tusquets, 2002

RUBIO CARRACEDO, J. Educación moral, postmodernidad y democracia. Trotta, 2000

SARTORI, G. La sociedad multiétnica. Taurus, 2003

SEGUÍ, L. España ante el desafío multicultural. S.XXI, 2002

SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ (1988), Sobre os dereitos Humanos. Unidade didáctica.

SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ (2007), Sobre la Educación para la Ciudadanía y los Derechos Humanos.

SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ (2008). Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos. 2º curso da ESO. Consorcio editorial galego.

SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ (2008), Ética cívica. 4º curso da ESO. Consorcio editorial galego.

VARIOS AUTORES (2006), Derechos Humanos y diversidad cultural. Icaria Antrazyt.

VARIOS AUTORES (2004), Psicología y derechos humanos. Icaria Antrazyt.

WALZER, M. Las esferas de la justicia. Una defensa del pluralismo y la igualdad. FCE, 1993

WEBER, M. La política como vocación. en El Político y el Científico. Alianza, 1995



PARA SABER MÁIS

Na Páxina web do Seminario (www.sgep.org) concretamente no apartado titulado **60 Aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos**, poderás atopar:

- Frases célebres sobre a paz.
- Debuxos para colorear en Infantil e Primaria.

Máis materiais didácticos na rede.

- Caricaturas e DD.HH.
- Cinema e DD.HH.
- Poesía e DD.HH.
- Xogos e DD.HH.

Animacións e videos

- Arte e DD.HH.

Cancións e música contra da guerra.

- Música e DD.HH.
- Ciencia e DD.HH.
- Videoxogos e DD.HH.
- Cancións infantís, trabalinguas e xogos

ÍNDICE

Presentación	3
Introdución	5
Unha declaración imperfecta	7
Declaración práctica	7
Unha protección máis efectiva	8
Unha progresiva ampliación dos dereitos.....	8
Dinámicas para traballar nos obradoiros.....	9
OS CONTOS	11
O Parruliño feo.....	11
Mestre Kung-Fu busca xustiza e paz	14
Fábula do lobo e do cordeiro	16
Os tres cosmonautas.....	17
Conto do gato e do rato	18
O TEATRO	
Entangarañados	21
A bomba e o xeneral.....	27
Os gatos do 07	33
Os cinco dedos	39
CANCIÓNS	43
Comentario de textos	45
Bibliografía	51
Para saber máis.....	52